

## PEZA DO MES


marzo

2021



**CADERNO DE DEBUXOS INÉDITOS  
DO P. SARMIENTO (1725-1755)**

XUNTA DE GALICIA



PEDRÓN DE PADRÓN

### Caderno de debuxos inéditos do P. Sarmiento (1725-1755)

O 9 de marzo de 1695 nacía en Villafranca del Bierzo (León), onde os seus pais «facían mansión por algún tempo», Pedro José Alonso García, quen ao profesar como beneditino toma o nome de Fr. Martín Sarmiento. O seu pai, Alonso García, estaba arranxando o pazo dos Marqueses de Medina Sidonia. Traballara en Samos e no concello de Ponferrada. Estamos, pois, ante o 336 aniversario do seu nacemento, e nunca mellor ocasión para dedicarlle *A Peza do mes*, e mostrar unha cara oculta e inédita da súa polimórfica obra. Trátase do seu caderno de debuxos, onde descubrimos a súa faceta artística.

O pai de Fr. Martín Sarmiento, era Mestre de Arquitectura (título que obtivera en Santiago de Compostela), con «grandes coñecementos de Humanidades». Probablemente, foi este quen lle ensinou os rudimentos no deseño e no debuxo. En Pontevedra, no Colexio dos xesuítas, aprenderá a ler e a escribir co P. Alberto Cela, célebre ornitólogo.

Estes debuxos serán o complemento aos Cadernos, no que el denominou «*Peregrinaciones propias*». Todos os debuxos coinciden exactamente cos lugares por onde pasou o P. Sarmiento, nas súas tres

viaxes a Galicia, 1725, 1745 e 1754-1755. O propio Fr. Martín Sarmiento escribiu: «*Tomé y llevé conmigo, un libro en cuarto y en blanco para ir escribiendo en él mi Diario de todos mis Viajes*». Ese caderno era para anotar os topónimos que ía atopando no percorrido e debuxar as inscricións antigas: romanas, suevas, góticas e galegas medievais. Será o complemento á correspondencia conservada, dirixida fundamentalmente ao seu irmán Francisco Javier e a outros eruditos contemporáneos. Podemos dicir, en termos arquitectónicos, que este conxunto de debuxos é a clave que pecha ese arco documental sarmientino. Unha árbore de raíces profundas, que as funde no *humus* do coñecemento, e que alimenta o pensamento do sentido xeográfico de Galicia, como dicía o Pr. J.L. Pensado. Podemos describir, con catro verbos, o espírito do P. Sarmiento: oír, ver, ler e escribir. Estas imaxes dos itinerarios (*iter*, en latín, significa esforzo, risco, gasto de viaxe) ou desprazamentos de Sarmiento, convértense en vehículos de transmisión de coñecementos e actitudes, que amosan aspectos como a historia, a botánica ou a xeografía.

Hai que destacar que na viaxe de 1745, apunta as inscricións «*de todos los tiempos*», pola súa significación histórica, paleográfica, epigráfica e numismática (inclúe moedas de Poio e Santa Clara de Pontevedra). Tamén visita arquivos monacais: Poio, Samos, Tenorio, Pinario, Montes e Celanova,

onde estivo en decembro de 1745, cando debuxa a inscrición votiva da capela de San Miguel, rexistrando ademais o seu arquivo. Toda esta recompilación documental serviulle para demostrar que a lingua galega do presente se explica e se complementa coa do pasado. No de 1754-55, céntrase máis en documentos epigráficos que en pergamiños, e debuxa, entre outras, a de San Pedro de Rocas e a planta deste mosteiro, cando estivo alí, o 2 de novembro de 1755.

Este caderno facticio, de formato apaisado (28 x 38 cm), encadernado en rústica e con lombo de pel foi adquirido pola Comisión de Monumentos a comezos do século XX. Consta de 76 láminas, numeradas as 61 primeiras mentres que da 62 á 76 están sen numerar. Podemos afirmar que as primeiras son as definitivas, e as segundas, bosquexos e apuntamentos de campo e por iso repite a inscrición romana de Lérez e a da torre de Muros.

As primeiras van en sentido horizontal, enmarcadas por marcos gravados con temas vexetais e entrelazos, cunha orla superior onde vai o número. As últimas están copiadas en sentido vertical e horizontal. Todos os debuxos, están realizados por unha soa cara. Curiosamente, os correspondentes aos números 68 e 69 son dous alfabetos orientais, en tintas vermella e azul, respectivamente. Este tema estudiouno dende 1718, na súa época madrileña. No referido á temática dos debuxos numerados (1-61), hainos composteláns: a catedral (cruces, sepulcros, capelas, etc.), San Paio de Antealtares, Solovio, Bonaval, e as igrexas da Angustia, San Pedro e Sar. Outro grupo, máis variopinto, fórmano as pezas da Pastoriza, Muros, catedral de Lugo, Ourense (catedral, San Francisco, Celanova e Rocas), a de Queiruga (Porto do Son) e a de Santo André de Trobe, no Ulla.

No grupo sen numerar (62-77), que denominamos «bosquexos», van as lápidas copiadas en sentido vertical e horizontal, tamén realizados por unha soa cara. Ten debuxos a lapis e a tintas vermella e azul (vocabularios) e negra. O grupo epigráfico máis numeroso, formano as de Muros e Noia, xunto con Lugo; logo a de Padrón, Conde Santo en Lourenzá, San Domingos de Ribadavia, e a de Santiago de Benavente, o único de fóra de Galicia. Este último atopábase na porta de entrada ao castelo de Benavente, hoxe nos EE.UU., xunto co vestíbulo e o artesoado. A importancia deste traballo é que o P. Sarmiento, inmortalizou as pezas, «*in situ*», nos lugares onde se encontraban no século XVIII. Son pois, «fotografías» das súas viaxes.

As orixes do caderno son escuras. Cabe a posibilidade de que algún monxe que veu a Celanova

o trouxese consigo dende o mosteiro de S. Martín de Madrid, xunto con outros manuscritos. Non debemos esquecer que, despois da Desamortización, o primeiro bibliotecario da Biblioteca Pública de Ourense foi o derradeiro abade de Celanova. Era D. Bonifacio Ruiz, que ademais foi doador de libros a aquela inicial biblioteca de «*varios papeles misceláneos, manuscritos, folio y pergamino, en dos volúmenes*». Outra posibilidade apunta a Domínguez Fontenla, editor da Autobiografía do P. Sarmiento, quen recolleu papeis nunha casa reitoral onde habitou un monxe bieito exclaustrado.

O P. Sarmiento, entre outros escritos, deixou «*Problema Chorografico para describir a Galicia con un nuevo método*». Nel, plasmou en papel o anaco do cuadrante do NW. Acompañao, ademais, un interrogatorio onde anota antigüidades, edificios, topografía, etc... As notas dos Diarios, xunto con estes debuxos, complementarían ese «*Problema Chorografico...de Galicia*». O interese pola cartofilia é paralelo, no P. Sarmiento, á bibliofilia, xunto coa lingüística, a epigrafía e a botánica. Sarmiento cita o mapa do xesuíta Samuel Fritz baseado na *Descripción del Amazonas*. Un exemplar tiña o xesuíta P. Gaspar Roderer, no Colexio Imperial de Madrid, e Sarmiento terao en conta cando elabore a descrición cartográfica de América, España e Galicia. Con este mapa amazónico, o P. Sarmiento aproveita, para anotar os métodos de observación xeográfica e elaboración cartográfica do P. Fritz. Non debemos esquecer que o P. Sarmiento realiza o plano para unha Biblioteca Real e a ampliación do mosteiro de San Martín de Madrid. Redactou, ademais, varios informes sobre os camiños españois e «*Sobre un camino desde Pontevedra a Ribadavia*», onde debuxa as inscricións do convento de San Domingos, que figuran neste caderno. Estamos, pois, ante unha obra singular, primeiro polo seu autor, o P. Sarmiento; segundo, por darnos a coñecer ese labor artístico oculto ata o momento. Hai probas que son irrefutables para afirmar a autoría. Primeira, a caligrafía, ao principio recta e ao final máis garabateada. Segunda, a xeográfica, xa que todos os lugares das láminas foron visitados polo P. Sarmiento, nas súas tres viaxes a Galicia dende 1725 a 1755. E terceira, eses alfabetos orientais, polos que amosou interese dende a súa chegada a Madrid, dende Irache, alá polo 1714: «*Copié los alfabetos que pude de las lenguas Griega, Hebrea, Caldea, Rabínica, Siríaca*».

Todo o que contén este caderno, xunto cos Diarios e Cartas, e que el anotou e comentou, viunos «*in situ*» para onde foron creados e custodiados, algo que hoxe en día é impensable polas circunstancias históricas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Justo Carnicero Méndez-Aguirre


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA